



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CAMINO ESCENA NORTE AIE PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA DO PROGRAMA DE INTERCAMBIO CULTURAL "CAMIÑO ESCENA NORTE 2026"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar con Camino Escena Norte AIE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento en Galicia do programa de intercambio cultural "Camiño Escena Norte 2026" que organiza a entidade Camino Escena Norte AIE baixo o título "Constelacións Galicia 2026". O programa concrétese en Galicia coa programación de funcións de compañías de artes escénicas procedentes de Asturias, La Rioja, País Vasco e Navarra, que se poderán ver en diferentes espazos escénicos ou ben en espazos de alto interese patrimonial e histórico entre o 2 e o 30 de outubro de 2026.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Camiño Escena Norte é un proxecto cultural froito da unión estratéxica das asociacións profesionais de produción escénica das comunidades do Norte polas que transcorre o Camiño do Norte: Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco, ás que se suma dende 2023 Navarra a través de ESNA (Asociación Empresarial Escena Navarra) e máis recentemente La Rioja, a través de AESCENA (Asociación de Compañías Profesionais de Artes Escénicas de La Rioja), que aglutinan a máis de 165 compañías produtoras de teatro, monicreques, danza e novo circo reflexo da enorme calidade, variedade e diversidade das artes escénicas galegas, asturianas, cántabras, vascas e navarras.

Camiño Escena Norte artículase ao redor dun itinerario de intercambio cultural entre estas comunidades ofrecendo un "camiño escénico" dende o que amosar a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes escénicas da produción escénica galega, asturiana, cántabra, vasca, navarra e rioxana. Un proxecto que suma á súa vertente cultural a dinamización social e turística e de intercambio entre as comunidades autónomas participantes, cunha intensa programación escénica que pretende, ademais, multiplicar as posibilidades de relación co público con actividades de encontro e reflexión, de creación ou de participación. Entre setembro e outubro de 2026, un itinerario de funcións de teatro, danza, monicreques, ilusionismo e novo circo percorreren os seis





territorios, complementada cunha extensa programación expandida coa intención de mostrar o mellor das artes escénicas de cada un dos territorios participantes.

E Galicia súmase a este programa de intercambio cultural acollendo o "Ciclo Constelacións Galicia 2026", un itinerario de funcións do mellor das artes escénicas do resto dos territorios, dende as que amosar a calidade, diversidade de linguaxes a estéticas e valor cultural das artes escénicas das comunidades do Norte.

A Agadic considera esencial o apoio a iniciativas que afonden na promoción e potenciación do sector escénico e a este respecto, Camiño Escena Norte destaca pola súa aposta por acadar unha maior interacción entre profesionais e público dos distintos territorios que atravesa a ruta histórica do Camiño do Norte, que debe derivar, de certo, nunha maior riqueza na oferta cultural para os espectadores, que poden ter acceso, así, a producións escénicas doutros territorios, e enriquecendo deste xeito a proposta cultural do Camiño á vez que o potencia como destino turístico-cultural.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, por ser Camino Escena Norte AIE a única que organiza e desenvolve o programa Camiño Escena Norte, tal como se establece nos seus estatutos. O carácter representativo da entidade, ao aglutinar unha alta porcentaxe do sector escénico dos seis territorios, a exclusividade como organizadora do programa, e dada tamén a especificidade das actuacións de que se trata, o seu interese cultural e social, así como a inclusión desta actividade de fomento na planificación estratéxica da Agadic, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

